

**EXPTE 15967/331: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS
COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS"****INFORME XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réximen Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios teñen como competencias propias a "promoción da cultura e equipamentos culturais".

A Concellería-delegada da Área de Cultura en virtude da delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015, en relación coa delegación de competencias do Alcalde da mesma data (BOP 14/07/2015), inclúe: *"Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do Concello, como a Biblioteca Pública "Juan Compañel" en coxestión coa Xunta de Galicia, a Biblioteca Municipal "Neira Vilas" e a Casa Galega da Cultura, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal.(resolución da Alcaldía-Presidencia do 26/06/2015)"*

A LCSP en vigor, no seu artigo 28 establece a emisión do informe de necesidade e idoneidade; este informe está atribuído ao órgano de Contratación (Xunta de Goberno Local) e realízase en virtude da delegación de competencias nos concelleiros-delegados das áreas municipais por Decreto de data 19 de xuño de 2015.

O servizo da Área de Cultura ten encomendada a xestión da Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas", situada na Avenida Martínez Garrido, número 21, creada por acordo do Pleno Municipal de data 31 de maio de 2010. Por Orde de data 21 de xullo de 2010, o Conselleiro de Cultura e Turismo resolveu a creación e integración da citada biblioteca na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (DOG nº 163 de 25 de agosto), protocordado no convenio asinado con data 21 de outubro de 2010. A inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia resolveuse por resolución do conselleiro de Cultura e Turismo de data 18 de novembro de 2010.





A estrutura da Concellería de Cultura non inclúe persoal específico no seu cadro de persoal para atender os servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas", xa que o único persoal especilizado na materia está adscrito á Casa Galega da Cultura. Por este motivo, a implementación destes servizos debe desenvolverse por empresas (conforme aos pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares elaborados pola administración municipal), con capacidade de realizar estas prestacións que complementen e melloren os obxectivos municipais respecto ao citado equipamento.

Para este fin compre recurrir á contratación de empresas que poidan prestar estes servizos de forma adecuada, tendo en conta que as prestacións están determinadas polos límites dos recursos económicos asignados nos presupostos anuais do Concello. A actual adxudicación finaliza o 2 de abril de 2020, trala aprobación da terceira e derradeira prórroga do contrato pola Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2019.

O obxecto do contrato será a prestación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas". A prestación dos servizos contratados realizariase no equipamento situado na Avenida Martínez Garrido, número 21.

Co obxecto de poder determinar o prezo de licitación do contrato, así como aportar outra documentación técnica necesaria para a presente licitación, según o estipulado e as xustificacións establecidas pola LCSP en vigor, dende o servizo da Área de Cultura estase a xestionar a contratación de servizos de asesoramento de empresa especializada (expte 2609/330).

O importe para a presente licitación poderá tramitarse con cargo á aplicación presupostaria 3321.227.99.10 (Funcionamento da Biblioteca M. Garrido) do orzamento municipal.

As empresas que realicen estes servizos deben contar con adecuada especialización, flexibilidade horaria e formación técnica para desenvolver as obrigas do contrato.

Pola súas características, o prazo do contrato establécese en DOUS anos (24 meses) de duración e un máximo de TRES prórrogas de UN ano (12 meses) cada unha delas.



**CONCELLO
DE VIGO**



Polo exposto, o obxecto e contido da contratación que se propón satisface as necesidades das prestacións de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas".

Vigo, data da sinatura dixital

O órgano de Contratación

O concelleiro-delegado da Área de Cultura

Cayetano Rodríguez Escudero



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:14

Páxina 3 de 3

Expediente 15967/331

CSV: 2BEBCEB-C6334B-2ABAD7-1KT92Z-6DBE8F-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>